



falaRedes

programa de dinamización lingüística

OS BOLECHAS NA MÁQUINA DO TEMPO

O programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta a actividade Os Bolechas na máquina do tempo, que ata finais de outubro chegará a 40 concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia en colaboración coas deputacións provinciais da Coruña e de Pontevedra en municipios da súa competencia territorial.

A iniciativa de fomento do galego continúa no seu empeño de promover o uso e a valoración positiva da lingua galega, especialmente entre a infancia e a mocidade.

FalaRedes volve contar cos famosos Bolechas deseñados por Pepe Carreiro, desta volta, enredados nunha nova viaxe chea de aventuras e diversión dirixida a nenas e nenos de entre 4 e 8 anos.

Os irmáns e o seu inseparable Chispa atoparán un aparello que os teletransportará ata o futuro converténdoo en adultos: a máquina do tempo. O doutor Apolodoro -o científico turuleque dono da máquina- levará a coñecer diferentes etapas da historia nunha viaxe temporal onde os Bolechas terán que valerse da inestimable axuda do público para regresar ao presente e á infancia.

Os Bolechas na máquina do tempo é un espectáculo de monicreques manipulados por actores á vista no que se simulará unha aventura a través do tempo. Braulio mandará a Carlos e a Pili ao futuro na máquina do doutor Apolodoro, que se estraga e acabará por teletransportar os dous irmáns á Prehistoria... O enxeño e a habilidade do público serán claves para axudarlles aos Bolechas a regresar ao presente.

A actividade ten continuidade na aplicación web Os Bolechas na máquina do tempo, onde os cativos e cativas poden facer o seu propio diploma de viaxeiro no tempo e acceder a xogos e sorteos. Co aliciente de que os asistentes ao espectáculo coñecen en exclusiva unha palabra clave coa que poderán dobrar o premio do sorteo e acceder a dous lotes de libros dos Bolechas, no canto de un, en caso de resultaren premiados.

A entrada será libre e de balde ata completar a capacidade das salas.

Toda a información sobre o programa está dispoñible en www.lingua.gal e nas redes sociais. Tamén no web Os Bolechas na máquina do tempo www.osbolechas.com/maquinadotempo/.



OS BOLECHAS NA MÁQUINA DO TEMPO

MARZO

- Venres 27: **Ourense**, no Liceo, ás 19:00 h
Sábado 28: **Cambados**, na Casa da Xuventude, ás 18:00 h
Domingo 29: **Santiago de Compostela**, na Sala Mozart do Auditorio de Galicia, ás 18:30 h

ABRIL

- Venres 24: **Cee**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h

XULLO

- Sábado 18: **Vedra**, no Museo Paz Camps en San Fins de Sales, ás 19:00 h
Domingo 19: **Caldas de Reis**, no Auditorio Municipal ás 12:00 h
Venres 24: **Rodeiro**, no Centro Cultural Manuel Lamazares, ás 20:00 h (en colaboración coa Deputación de Pontevedra)
Sábado 25: **Guitiriz**, na Casa Habanera, ás 12:00 h
Betanzos, na Aula de Cultura Xulio Cuns (Edificio Liceo), ás 20:00 h
Domingo 26: **Neda**, na Casa da Cultura, ás 12:00 h
Pontedeume, na Casa da Cultura, ás 20:00 h
Venres 31: **Vilagarcía de Arousa**, no Salón García, ás 20:30 h

SETEMBRO

- Sábado 5: **Soutomaior**, no Multiúsos de Arcade, ás 20:00 h
Domingo 6: **Carnota**, no salón de actos da Casa do Concello, ás 12:00 h
Muros, no auditorio do Centro Cultural e Xuvenil, ás 18:00 h
Venres 11: **Brión**, no Centro Social Polivalente, ás 19:00 h
Sábado 12: **Dodro**, na Paxareira, ás 12:00 h
Padrón, no Auditorio Municipal, ás 20:00 h
Domingo 13: **Ames**, na Casa da Cultura de Bertamiráns, ás 12:30 h (en colaboración coa Deputación da Coruña)
Oroso, no Centro Cultural Fernando Casas e Novoa, ás 18:00 h
Sábado 19: **Burela**, no Auditorio, ás 18:30 h
Domingo 20: **Vilalba**, no Auditorio, ás 12:45 h
Castro de Rei, na Casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea, ás 17:30 h
Sábado 26: **Ribeira**, no Auditorio Municipal, ás 18:30 h
Domingo 27: **Lousame**, no salón de actos da Casa da Cultura, ás 18:00 h



OS BOLECHAS NA MÁQUINA DO TEMPO

OUTUBRO

- Venres 2: **Negreira**, no auditorio do Centro Sociocultural, ás 18:30 h
- Sábado 3: **Cerceda**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Domingo 4: **Santa Comba**, no auditorio do Edificio Multiúsos, ás 12:00 h (en colaboración coa Deputación da Coruña)
Ponteceso, na Casa dos Veciños do Couto, Fundación Eduardo Pondal, ás 18:00 h (en colaboración coa Deputación da Coruña)
- Sábado 10: **Ribadavia**, no auditorio da Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Domingo 11: **Celanova**, no auditorio municipal Ilduara, ás 12:45 h
Barbadás, no auditorio da Casa da Cultura, ás 19:00 h
- Sábado 17: **Cerdedo**, no Centro Cultural, ás 19:00 h (en colaboración coa Deputación de Pontevedra)
- Domingo 18: **Aranga**, no anexo do CEIP A Castellana, ás 12:30 h (en colaboración coa Deputación da Coruña)
Abegondo, na centro cultural O Salón de Mabegondo, ás 18:00 h
- Venres 23: **Noia**, no Teatro Coliseo Noela, ás 18:30 h (en colaboración coa Deputación da Coruña)
- Sábado 24: **Mos**, no edificio multiúsos do Auditorio, ás 12:00 h
Moraña, na Casa da Cultura A.D.R. Castelao, ás 18:00 h (en colaboración coa Deputación de Pontevedra)
- Domingo 25: **Marín**, no multiúsos do Mercado de Abastos, ás 13:00 h
Ponteareas, no Auditorio Reveriano Soutullo, ás 18:00 h



os bolechos
NA MÁQUINA
DO TEMPO